



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: FOPPSS / 2026

Expediente convocatoria: 2025000034982

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2026 (FOPPSS / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2026", e vistos os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2026", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2026", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2026 (FOPPSS/2026)

Datos da convocatoria

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Servizos Sociais
Anualidade	2026
Denominación	Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2026
Entidades beneficiarias	Os concellos e entidades locais da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes
Programa	FOPPSS/2026
Aplicación orzamentaria	0611/23121/46201
Importe da convocatoria	9.108.793,42 €, máis as modificacións que se poidan producir
Importe do orzamento de gastos	Non se establecen
Importe da subvención que se ha conceder	Non se establece
Importe solicitado	O 100 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	1,0000
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido no artigo 13.4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña

Exposición de motivos

As deputacións teñen a competencia de proporcionar apoio ás corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais segundo o establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no que se determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión; no artigo 109.1.b da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; no artigo 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e no artigo 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia define os servizos sociais comunitarios como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos do sistema”.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece no artigo 31 que as deputacións provinciais proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes.

O Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais (FOPPSS) convócase de conformidade co artigo 31.3 do citado Decreto 99/2012, que establece que as deputacións provinciais apoiarán prioritariamente o financiamento do Servizo do Axuda no Fogar básico aos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do/da profesional de referencia.

A Deputación Provincial da Coruña, garante a renovación do financiamento básico para o funcionamento dos servizos sociais comunitarios a cada unha das corporacións locais de menos de 20.000 habitantes da provincia de A Coruña, tomando como referencia para cada anualidade os servizos sociais comunitarios financiados no exercicio inmediatamente anterior, a través do FOPPSS.



Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e na seguinte normativa específica:

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 2º: Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero

Base 2. Obxecto e finalidade

É obxecto deste programa proporcionar asistencia económica e técnica ás entidades locais de menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios mediante a subvención da contratación ou o nomeamento de persoal dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís diferentes e complementarios ao de traballador/a social e o SAF na modalidade libre concorrência dos concellos e entidades locais de menos de 20.000 habitantes, conforme aos módulos de persoal administrativo grupo C1 ou C2, persoal técnico A2, persoal técnico A1 e persoal auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) na modalidade de libre concorrência.

2.1. Módulos de financiamento

Para o financiamento do persoal dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís diferentes e complementarios ao de traballador/a social establécense os módulos I, II e III e para o SAF na modalidade libre concorrência o módulo IV.

As contías previstas na base 11 son os módulos concedidos no ano 2025. Todas as entidades locais poderán solicitar de forma motivada a ampliación ou redución dos módulos recollidos na dita base.

A concesión neste exercicio realizarase previo informe do persoal técnico dos servizos sociais desta deputación que estudará os módulos solicitados polos concellos para o ano 2026, os últimos exercicios xustificadas e a súa execución actual. O dito informe poderá supoñer unha redución das contías solicitadas.

No caso de que o crédito dispoñible fora insuficiente, garántese en primeiro lugar a

cobertura das contías que figuran na base 11 sempre que conten co informe técnico favorable. O resto do crédito repartirase de xeito proporcional ata alcanzar o importe máximo do crédito consignado para o Programa logo de estudar todas as solicitudes presentadas.

En sucesivos exercicios, dentro da limitación orzamentaria, respectarase a contía recibida no exercicio anterior para o financiamento destes módulos, cando fosen efectivamente executados.

As desistencias totais ou parciais nas contías establecidas na base 11 poderanse ter en conta en convocatorias de anos posteriores.

2.1.1.- Módulos I, II, III

Os gastos financiados dentro destes módulos corresponden aos conceptos de salarios e seguridade social nas seguintes contías para unha xornada completa:

- Módulo I: Persoal administrativo grupo C1 ou C2: 18.000 €
- Módulo II: Persoal técnico A2: 22.000 €
- Módulo III: Persoal técnico A1: 26.000 €

Poderase solicitar o módulo a xornada completa ou a xornada parcial (mínimo ao 50 %), neste último caso reducirase proporcionalmente o importe do módulo.

No caso en que o persoal realice tarefas noutros departamentos, deberá solicitarse o módulo cunha contía proporcional á dedicación da súa xornada aos Servizos Sociais.

Non obstante, para concederse o módulo, a dedicación aos Servizos Sociais do/a profesional deberá supoñer un equivalente en tempo ao 50% dunha xornada completa como mínimo.

Todo o persoal para o que se solicite a achega deberá estar adscrito aos Servizos Sociais e estará vinculado aos servizos e/ou programas sociais comunitarios.

As entidades locais poderán solicitar motivadamente a ampliación de financiamento dos módulos recollidos na base 11 para a cobertura do módulo de persoal administrativo (módulo I) ou dos módulos de persoal técnico (módulos II ou III). Neste último caso, deben terse en conta as exclusións indicadas na base 5.

Non obstante, a ampliación concederase ou denegarase tras estudar e valorar a adecuación

da petición, priorizando a concesión de módulos aos concellos que carezan de módulo de tipoloxía administrativa e/ou de tipoloxía técnica e soliciten a cobertura destes perfís.

As peticións de ampliación poderán atenderse cando se acompañen dun compromiso de iniciar o procedemento de cobertura do dito persoal. Nas mesmas condicións, tamén poderán solicitar ampliación a xornada completa aqueles concellos que teñen recollida na base 11 un módulo a media xornada.

No caso de ter concedido un módulo e que a entidade local non o executara efectivamente no último exercicio xustificado e non faga constar o inicio do procedemento de contratación no ano en curso, salvo causa xustificada, entenderase que renuncia ao dito módulo.

A intervención profesional nas familias, no marco do servizo de educación e apoio familiar só poderá ser realizada por persoal técnico ao servizo da Administración pública local titular do servizo, de maneira que forme parte do equipo interdisciplinar dos servizos sociais comunitarios, tal e como se establece no artigo 21 do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2.1.2 Módulo IV: *Persoal auxiliar do SAF libre concorrencia*

Considérase SAF libre concorrencia aquel servizo que se presta a persoas que non teñan recoñecida a situación de dependencia ou que, aínda tendo recoñecida a situación de dependencia, non teñen recoñecido o dereito de acceso efectivo ao servizo e accedan na modalidade de libre concorrencia.

O SAF libre concorrencia tamén, con carácter subsidiario do servizo de educación e apoio familiar, pode dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en situación de risco de exclusión social.

Os gastos financiáveis serán os correspondentes cos conceptos de salario, seguridade social e desprazamentos do persoal auxiliar do SAF libre concorrencia.

Este servizo pode prestarse por xestión directa ou indirecta, mediante contrato ou encomenda da xestión.

Para a cuantificación da contía máxima deste módulo IV establécese unha achega de 14,00 € por hora prestada de servizo, tendo en conta para o cálculo as horas previstas para o ano 2026.

A concesión deste módulo realizarase segundo as horas de SAF previstas polos concellos para o ano 2026, sempre que exista crédito dispoñible e conten co informe favorable do persoal técnico de servizos sociais desta Deputación, que estudará os últimos exercicios xustificadas deste programa e as horas executadas do ano en curso.

2.2 Ámbito temporal

As actividades que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán as que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026

Base 3. Entidades solicitantes

De acordo co disposto no artigo 31.3 do citado Decreto 99/2012 do 16 marzo, este programa vai dirixido ao financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, polo que as entidades destinatarias das achegas son os concellos e entidades locais con menos de 20.000 habitantes da provincia da Coruña, comprendendo os supostos nos que os servizos sexan prestados por xestión directa ou, se é o caso, por xestión indirecta mediante contrato ou encomenda da xestión.

As mancomunidades intermunicipais, agrupacións ou fusións que constitúen entidades instrumentais dos concellos e que exercen as competencias delegadas por aqueles poderán ser destinatarias sempre que a poboación do conxunto de concellos non supere os 20.000 habitantes. Nestes casos a contía da achega provincial á entidade será o resultado de sumar as cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

As entidades solicitantes deberán cumprir os requisitos destas bases e os establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Base 4. Gastos subvencionables

Os gastos subvencionables corresponden coas seguintes contas recollidas no Plan Xeral de Contabilidade:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
623	Servizos de profesionais independentes (contratacións externas SAF libre concorrencia)
629	Comunicacións e outros servizos (contratacións externas SAF libre concorrencia)

Base 5. Compatibilidades e exclusións

A percepción destas axudas é compatible con calquera outra subvención da Deputación da Coruña salvo que financie os mesmos conceptos de gasto.

Non se poderá solicitar financiamento neste programa para os postos de traballador/a social ou persoal técnico/axentes de igualdade. Neste último caso, as solicitudes deben presentarse na convocatoria do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico ou axentes de igualdade (FOAI/2026).

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún módulo o importe total do gasto previsto.

No caso dos módulos I, II e III, cando o importe da achega provincial xunto coa suma doutros ingresos previstos para o financiamento dun módulo supere o importe do gasto previsto para o mesmo módulo, minorarase a achega provincial no importe necesario para corrixir o exceso de financiamento na concesión.

No caso do módulo IV as correccións por exceso de financiamento faranse unicamente no momento da xustificación.

Base 6. Forma e prazo da solicitude Solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

A adhesión das entidades locais constitúe un requisito de efectividade do programa, polo que aquelas que non presenten a solicitude no prazo e forma sinalados entenderase que desisten de participar no programa.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na [Política de Privacidade](#) da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1. Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática de redes sociais, páxina web ou audiovisual) que fagan das actividades subvencionadas, mediante a inclusión da marca da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña e o logotipo específico de Servizos Sociais da Deputación da Coruña.

Para dar por satisfeito este compromiso a entidade deberá achegar proba documental no momento da xustificación da inclusión do símbolo e logotipo da Deputación da Coruña:

No material gráfico, polo menos nun dos seguintes: Folletos/carteis de difusión das actividades subvencionadas ou información feita no local onde se desenvolveu.

Na páxina web ou redes sociais.

As obrigas de difusión do apoio da Deputación entenderanse desde a data de concesión ata o pago da subvención.

- **7.2.** A entidade local comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.
- **7.3.** En canto ao módulo do persoal auxiliar de axuda no fogar, a entidade solicitante comprométese a que nas novas contratacións terase en conta o disposto no artigo 201 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en especial, a que os órganos de contratación tomarán as medidas pertinentes para garantir a aplicación do convenio colectivo vixente do persoal auxiliar de axuda no fogar.

7.4. No caso de entidades que soliciten a ampliación de módulo, compromiso de realizar a cobertura da praza do persoal para o que se solicita ampliación de financiamento ou, no seu caso, compromiso de ampliar a xornada do dito persoal.

7.5. As entidades locais adheridas a este programa estarán obrigadas a facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos Servizos Sociais municipais que se lles demande nun prazo de 10 días. A negativa a facilitar esta información ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local deste programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou ao inicio do oportuno expediente de reintegro, segundo proceda, das achegas percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación

do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación destas bases reguladoras.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión.

8.1. Determinación da achega provincial

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva ao que se refire o artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e, de acordo con o artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, segundo, o cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da mesma lei.

A tramitación realizarase conforme ao procedemento abreviado especificamente detallado no Artigo 22 da Lei antes citada polo que non intervirá en ningún caso o órgano avaliador ao que se refire o artigo 21 da mesma lei.

Para determinar a concesión terase en conta o exposto no apartado 2.2. Módulos financiados.

8.2 Procedemento de concesión e cambios na solicitude.

A concesión das subvencións seguirá o procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e será aprobada por resolución da Presidencia.

Nesta convocatoria non se admitirán cambios de obxecto.

Base 9. Xustificación e pagamento

A xustificación realizarase por módulos

9.1.- Prazo de xustificación

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 2 de marzo de 2027, ás 14:00 horas.

9.2. Pagamentos.

As subvencións aboaranse do seguinte xeito:

a. O 50% da subvención en concepto de anticipo prepagable, logo da notificación da concesión e previa comprobación de que a entidade beneficiaria non ten pendente de xustificar ningún anticipo do plan para o financiamento dos servizos comunitarios de anos anteriores e que cumpre coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social, e coa Deputación Provincial da Coruña

Esta porcentaxe anticipada será do 30% para aquelas entidades que no último exercicio xustificado do programa non alcanzaran o 70 % da achega concedida.

b. A porcentaxe restante, logo da xustificación da completa execución do programa por módulos mediante a presentación da documentación recollida no ANEXO II, tendo en conta o seguinte:

- Os pagamentos xustificados deberán acadar en cada módulo o importe da achega da Deputación Provincial da Coruña.
- Cando o importe dos pagamentos xustificados non alcance o importe determinado na resolución de concesión para o módulo, e sempre que se respectara a xornada do persoal (nos módulos I,II,III) ou as horas establecidas na dita resolución (módulo IV), a achega provincial reducirase ata o importe dos pagos xustificados.
- No caso en que se reduza durante o ano 2026 a xornada do persoal (módulos I,II,III) ou as horas prestadas (modulo IV) respecto das establecidas na resolución de concesión, reducirase proporcionalmente a achega do módulo afectado.
- Cando a achega da Deputación, xunto cos outros ingresos que obteña a entidade beneficiaria supere nalgún dos módulos o importe total dos gastos efectivamente xustificados, minorarase a achega provincial no importe necesario para evitar o

exceso de financiamento, o que poderá dar lugar a un expediente de reintegro.

O grao de execución das actividades ou investimentos subvencionados poderá ser considerado para o establecemento dos módulos en futuras convocatorias.

9.3.- Perda do dereito e reintegro

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación destas nos termos contemplados nestas bases, ou cando se acrediten estas circunstancias ou se poña de manifesto o incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria, a Deputación Provincial esixiralles ás entidades beneficiarias o reintegro das cantidades correspondentes xunto cos xuros de mora correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

No caso de que non efectuase o ingreso do importe que se ha reintegrar no prazo establecido para o efecto, autorízase expresamente a Deputación para que poida efectuar a compensación con calquera débito a favor da entidade beneficiaria da subvención, a través das entregas a conta da recadación (no caso de concellos usuarios do Servizo) ou de calquera outra subvención que se encontre no trámite de pagamento (para os non usuarios), de conformidade coa normativa tributaria de aplicación.

Base 10. Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

Base 11. Relación de módulos e contías

As contías e módulos previstos para os concellos no Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2026 son os concedidos na convocatoria FOPPSS/2025 que se recollen na seguinte táboa:

CONCELLO DE	ABEGONDO	Exp.	2024000046602
MÓDULO	Módulo subvencionado		Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		18.000,00 €
II	Persoal técnico A2		22.000,00 €
III	Persoal técnico A1		26.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	6.500,00	91.000,00 €
TOTAL			157.000,00 €
CONCELLO DE	ARANGA	Exp.	2024000046021

MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas 5.000,00	70.000,00 €
TOTAL		110.000,00 €

CONCELLO DE	ARES		Exp.	2024000043427
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima		
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €		
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €		
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	13.000,00	182.000,00 €	
TOTAL		222.000,00 €		

CONCELLO DE	ARZÚA	Exp.	2024000046233
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima	
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2 (50%)	9.000,00 €	
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €	
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	1.600,00	22.400,00 €
TOTAL			53.400,00 €

CONCELLO	DA BAÑA	Exp.	2024000046194
MÓDULO	Módulo subvencionado		Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		18.000,00 €
II	Persoal técnico A2		22.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	2.320,00	32.480,00 €
TOTAL			72.480,00 €

CONCELLO DE	BERGONDO	Exp.	2024000046588
MÓDULO	Módulo subvencionado		Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		18.000,00 €
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		18.000,00 €
II	Persoal técnico A2		22.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	8.000,00	112.000,00 €
TOTAL			170.000,00 €

CONCELLO DE	BETANZOS	Exp.	2024000045804
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima	
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €	
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €	
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €	
III	Persoal técnico A1	26.000,00 €	
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	4.108,00	57.512,00 €
TOTAL			141.512,00 €

CONCELLO DE	BOIMORTO		Exp.	2024000045774
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima		
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €		
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €		
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrência - Horas concedidas	4.000,00	56.000,00 €	
TOTAL		96.000,00 €		
CONCELLO DE	BOIRO		Exp.	2024000046796
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima		
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €		
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €		
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrência - Horas concedidas	5.000,00	70.000,00 €	
TOTAL		110.000,00 €		
CONCELLO DE	BOQUEIXÓN		Exp.	2024000045987
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima		
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €		
II	Persoal técnico A2 (xornada 86,67%)	19.067,40 €		
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrência - Horas concedidas	1.300,00	18.200,00 €	
TOTAL		55.267,40 €		
CONCELLO DE	BRIÓN		Exp.	2024000044360
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima		
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €		
III	Persoal técnico A1	26.000,00 €		
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrência - Horas concedidas	1.500,00	21.000,00 €	
TOTAL		65.000,00 €		
CONCELLO DE	CABANA DE BERGANTIÑOS		Exp.	2024000045558
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima		
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €		
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €		
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrência - Horas concedidas	7.000,00	98.000,00 €	
TOTAL		138.000,00 €		
CONCELLO DE	CABANAS		Exp.	2024000045985
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima		
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €		
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €		
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrência - Horas concedidas	6.054,75	84.766,50 €	
TOTAL		124.766,50 €		

CONCELLO DE	CAMARIÑAS	Exp.	2024000046601
MÓDULO	Módulo subvencionado		Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		18.000,00 €
III	Persoal técnico A1		26.000,00 €
III	Persoal técnico A1		26.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	2.000,00	28.000,00 €
TOTAL			9 8.000,00 €

CONCELLO DE	DA CAPELA	Exp.	2024000045594
MÓDULO	Módulo subvencionado		Achega máxima
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	2.500,00	35.000,00 €
TOTAL			35.000,00 €

CONCELLO DE	CARIÑO	Exp.	2024000046858
MÓDULO	Módulo subvencionado		Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		18.000,00 €
III	Persoal técnico A1		0,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	7.646,00	107.044,00 €
TOTAL			125.044,00 €

CONCELLO DE	CARNOTA	Exp.	2024000044930
MÓDULO	Módulo subvencionado		Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		18.000,00 €
II	Persoal técnico A2		22.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	3.000,00	42.000,00 €
TOTAL			82.000,00 €

CONCELLO DE	CEDEIRA	Exp.	2024000046581
MÓDULO	Módulo subvencionado		Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		18.000,00 €
II	Persoal técnico A2		22.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	2.000,00	28.000,00 €
TOTAL			68.000,00 €

CONCELLO DE	CEE	Exp.	2024000046718
MÓDULO	Módulo subvencionado		Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		0,00 €
III	Persoal técnico A1 (80%)		20.800,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	2.400,00	33.600,00 €
TOTAL			54.400,00 €

CONCELLO DE	CERCEDA	Exp.	2024000045984
-------------	---------	------	---------------

DE		
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrência - Horas concedidas 9.000,00	126.000,00 €
TOTAL		166.000,00 €
CONCELLO DE	CERDIDO	Exp. 2024000046491
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrência - Horas concedidas 4.500,00	63.000,00 €
TOTAL		81.000,00 €
CONCELLO DE	COIRÓS	Exp. 2024000046632
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrência - Horas concedidas 2.000,00	28.000,00 €
TOTAL		68.000,00 €
CONCELLO DE	CORCUBIÓN	Exp. 2024000044910
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2 (65%)	11.700,00 €
II	Persoal técnico A2	22.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrência - Horas concedidas 1.000,00	14.000,00 €
TOTAL		47.700,00 €
CONCELLO DE	CORISTANCO	Exp. 2024000045705
MÓDULO	Módulo subvencionado	Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2	18.000,00 €
